



Despois da publicación do **Real Decreto 984/2021**, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obligatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022) procede modificar o punto 16. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓNS E PROMOCIÓN DO ALUMNADO da programación didáctica do Departamento de Tecnoloxía.

Na Educación Secundaria Obrigatoria realizarase unha única sesión de avaliación ao finalizar o curso. Non haberá por tanto avaliación extraordinaria. En Bacharelato mantense a avaliación extraordinaria.

Os referentes para a avaliación neste curso escolar seguen sendo os criterios de avaliación establecidos no Real Decreto 126/2014 que establece o currículo básico da etapa.

Non se modifican a finalidade nin os instrumentos de avaliación.

Cualificación:

Para avaliar o nivel adquirido nos diferentes estándares de aprendizaxe se realizarán, en cada trimestre, as actividades teóricas e prácticas oportunas que serán puntuadas de **0 a 10** puntos cada unha. A cualificación do alumno ou alumna será a media ponderada destas probas. A nota de cada avaliación pode verse incrementada pola realización de traballos específicos de carácter voluntario.

A **avaliación final ou global** coincide coa nota da terceira avaliación que reflicte o traballo desenvolvido ao longo do curso. Para superar a materia o alumnado debe obter unha nota media igual ou superior a 5. Aquelas avaliacións con cualificación insuficiente para a obtención desta nota deberán ser recuperadas no mes de xuño.

1- ALUMNADO COA MATERIA SUPERADA:

A cualificación final será a nota da terceira avaliación. Esta nota mínima de referencia pode subir grazas ao traballo desenvolvido durante o mes de xuño.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas Nº1
15920 RIANXO
Tif: 881 86 66 46
ies.felix.muriel@edu.xunta.gal

Dpto Tecnoloxía

2- ALUMNADO COA MATERIA SUSPENSA:

O traballo desenvolvido durante o mes de xuño servirá para recuperar a materia.

No caso de bacharelato, o alumnado que non acade cualificación positiva, terá que realizar un exame escrito na convocatoria extraordinaria e/ou entregar as tarefas que o profesorado lle encomende.

Asdo: A Xefa do Departamento

Pilar Pérez Torres